

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019256	de Vilalonga	Sanxenxo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2024/2025	7	123	147
MP0653_12	Produtos e servizos financeiros	2024/2025	7	90	108
MP0653_22	Seguros	2024/2025	7	33	39

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MÓNICA ANTAS GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O I.E.S. de Vilalonga está emprazado no lugar da Salgueira en Vilalonga, concello de Sanxenxo. As actividades máis influentes son a vitícola, servizos diversos relacionados co turismo, elaboración de materiais vinculados á construción, a industria de bens relacionados coa demanda de inmobles (fabricación de cociñas, carpintería de aluminio, etc.), as relacionadas coa venda e reparación de automóviles, as de transformación do ferro. Na zona destaca a actividade de cultivo, extracción, transformación, conservación e depuración de produtos mariños.

As prácticas obrigatorias que realizan os alumnos) realízanse nas empresas da zona coas que colabora o centro. As formas xurídicas destas empresas é maioritariamente Sociedades limitadas e individuais sendo escasas as Sociedades Anónimas.

O entorno produtivo de Sanxenxo e comarca está baseado en PEMES, fundamentalmente do sector servizos e con pouca especialización, que realizan todas as funcións da empresa, polo que demandan profesionais de grao superior cunha formación ampla e que contemple todos os ámbitos funcionais da empresa.

Neste senso esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar administrativos con amplos coñecementos

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema financeiro. Produtos financeiros.		30	18
2	Servizos financeiros e outros produtos financeiros		22	16
3	Selección de investimentos en activos financeiro e económicos		22	16
4	Integración de orzamentos		14	16
5	Análise de necesidades financeiras e axudas económicas		20	16
6	Operacións de seguros		39	18

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro. Productos financeiros.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñécéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relaciónáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.

Criterios de avaliación
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Sistema financeiro.</p> <p>Produtos financeiros de pasivo e de activo.</p> <p>Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.</p> <p>Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito.</p> <p>Análise de operacións de liquidación de contas.</p> <p>Análise de operacións de depósitos.</p> <p>Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización.</p> <p>Aplicación financeira da folia de cálculo.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizos financeiros e outros produtos financeiros	22

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	NO
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñecéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identificáronse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.
Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.
Aplicación financeira da folla de cálculo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Selección de investimentos en activos financeiro e económicos	22

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasifícanse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distingúronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.

Criterios de avaliación
CA4.6 Identifícaronse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Mercados financeiros.</p> <p>Renda fixa e variable.</p> <p>Débeda pública e privada.</p> <p>Fondos de investimento.</p> <p>Produtos derivados.</p> <p>Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.</p> <p>Investimentos económicos.</p> <p>Aplicación financeira da folia de cálculo.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Integración de orzamentos	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobase que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Métodos de orzamentación.
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Analise de necesidades financeiras e axudas económicas	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise de estados financeiros.
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Operacións de seguros	39

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.3 Identifícaronse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.4 Clasificáronse os tipos de seguros.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
CA1.7 Identifícaronse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto, características e clasificación.
Contrato de seguro e a valoración de riscos.
Elementos materiais e persoais dos seguros.
Clasificación dos seguros.
Tarifas e primas.

Contidos

Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES. O proceso de ensinanza-aprendizaxe programarase, fundamentalmente, basándose na realización dunha serie de actividades de aprendizaxe teórico-prácticas (de forma individual e/ou en grupos) que pretenden propiciar a iniciativa do alumnado e o proceso de autoaprendizaxe, desenvolvendo capacidades de comprensión e análise, de relación e de búsqueda e manexo da información e que intentan, ademais, conectar a aula co mundo real, as empresas, profesionais e organismos administrativos que conforman o entorno profesional e de traballo do técnico que se quere formar. Complementándose estas actividades coas explicacións da profesora. O proceso para acadar a avaliación positiva concrétase nos Criterios de Avaliación e mínimos Esixidos reflectidos nos apartados anteriores da programación.

O **PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN** deste módulo responde á modalidade de avaliación ordinaria ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, sendo precisa a asimilación total dos conceptos e metodoloxías expostas en cada unidade temática de cara a continuar coas posteriores así como de acumulativa, no sentido de que as unidades temáticas posteriores precisan do dominio das anteriores para a súa comprensión. Por este motivo, e como ensino presencial, será obrigatoria a asistencia e a puntualidade do alumnado ás actividades de aula programadas para o módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

-En termos xerais, teranse como referencia os Resultados de Aprendizaxe a acadar polo alumnado referidos a este módulo, xunto cos Criterios de Avaliación establecidos no correspondente currículo. Sendo a cualificación numérica entre un e dez puntos, sen decimais, considerándose superada de xeito positivo a avaliación trimestral cando se obteña unha puntuación ou nota igual ou superior a cinco puntos.

-En termos específicos, na determinación da nota pondéranse tanto os coñecementos teórico prácticos adquiridos polo alumnado como a súa actitude e procedemento de traballo na aula. Polo que, a **NOTA TRIMESTRAL DO MÓDULO** será a resultante das seguintes ponderacións:

A) Cualificarase cunha porcentaxe dun 80% a nota media das **PROBAS OBXECTIVAS (EXAMES)** realizadas no trimestre. Para que unha proba escrita sexa valorada positivamente deberá alcanzar unha nota mínima de 5 sobre 10. As probas escritas que non alcancen unha valoración positiva poderanse compensar coas demais probas escritas realizadas na mesma avaliación parcial, e a nota media das probas escritas da avaliación parcial sexa de 5. En caso contrario, non se considerará superada a avaliación trimestral e o alumnado deberá recuperar cada unha das unidades didácticas nas que obtivo unha nota inferior a 5.

B) Cualificaráse cunha porcentaxe dun 20% : a resolución dos traballos de síntese e/ou de investigación, cuestionarios e casos prácticos propostos na aula coa finalidade de coñecer e avaliar o grao de seguimento e asimilación dos contidos polo alumnado, as actitudes e valores respecto das actividades e dos traballos na aula: 1. O interese e participación nas actividades; 2. Os criterios e a actitude con que se enfrontan ó

traballo; 3. A coordinación dos alumnos no grupo de traballo e, no seu caso, o diálogo cos outros grupos. 4. A calidade e claridade con que realiza as tarefas o alumnado. Neste apartado tamén se valoraran as actividades complementarias, que serán de carácter obrigatorio e calificables.

A profesora valorará estes aspectos baseándose na observación durante o desenvolvemento das tarefas na aula así como nas anotacións e cualificacións das tarefas reflectidas nas fichas do alumnado.

C) Para superar de xeito positivo a avaliación de cada un dos trimestres do curso, o alumnado deberá superar individualmente as probas obxectivas cunha nota media igual ou superior a 5 e ter realizadas e presentadas á profesora todas as tarefas persoais e/ou de grupo desenvolvidas na aula.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O proceso de ensino-aprendizaxe será significativo, adquiríndose os coñecementos e conceptos novos a partir dos previamente adquiridos, e cualificarase mediante a avaliación continuada, de xeito que a profesora adapta o procedemento ás características e necesidades do alumnado e este asenta os novos coñecementos nos adquiridos con anterioridade. Naqueles casos en que o proceso de aprendizaxe non sexa progresivo, é dicir, cando a avaliación positiva dunha unidade non implique a superación das deficiencias e fallos anteriormente detectados e, polo tanto, non poda levar implícita a recuperación das unidades anteriores, estableceráanse actividades específicas de recuperación que realizarán, ó longo das unidades seguintes. A profesora poderá realizar probas de recuperación (especificamente) ao longo do curso dos aspectos teórico-prácticos das unidades non superadas.

En todo caso, os alumnos que teñan partes non superadas realizarán probas de recuperación destas partes durante o curso (ata a avaliación previa a FCT). E os alumnos que non acaden unha avaliación positiva do módulo na avaliación previa a FCT, terán que recuperalo durante o período ordinario de realización da FCT. Neste caso indentificaranse os contidos nos que o alumno non acadou unha avaliación positiva e incidiranse sobre eles na planificación das actividades de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación ten carácter continuo nas modalidades de ensino presencial, polo que cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para este módulo.

Para o alumnado que por razóns de inasistencia reiterada, perda o dereito á avaliación continua, establecerase unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo.

Esta proba deseñarase tendo en conta os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos expresados nesta programación, que o alumnado deberá superar cunha nota igual ou superior a 5 para considerar o módulo superado.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente a profesora fará unha valoración sobre o grao de desenvolvemento e cumprimento da programación así como do seguimento da mesma polo alumnado, xustificando razonadamente as posibles desviacións. Respecto da metodoloxía didáctica empregada, específica do módulo, farase un proceso de avaliación continua. O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado faise coa finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión e adquisición individual de coñecementos así como, poñer de manifesto as deficiencias ou erros na asimilación de conceptos e procesos que a profesora deba ter en consideración no desenvolvemento das unidades seguintes.

Ao final do curso académico realizarase unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente de cara a mellorar a impartición da programación no seguinte curso e a profesora realizará unha valoración global sobre o seu desenvolvemento e as opinións aportadas polo alumnado. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A observación dos coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado na realización das actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer e avaliar a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa de todo o alumnado. Tamén se observarán aspectos como:

-A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material ou da carpeta de traballo.

-Asistencia e comportamento.

-Coñecementos e formación anterior.

Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas de reforzo educativo de tipo curricular e adaptación dos recursos e materiais.

As observacións realizadas se contrastarán coas realizadas por outros profesores nunha posta en común por parte do equipo docente sobre as características xerais do grupo, e as circunstancias particulares de determinados alumnos que podan ter incidencia educativa ademais da información aportada polo titor.

Trátase de coñecer as características, capacidades dos alumnos e súa formación previa, coa finalidade de tomar as medidas de reforzo que se estimen oportunas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para posibilitar a consecución por parte de todo o alumnado dos mínimos reflectidos na programación propóñense as seguintes medidas:

-Atención personalizada na aula priorizando o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran.

-Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo.

-A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.

-Seguimiento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación anterior.

No caso de que a profesora observe que algún alumno/a non alcanza os obxectivos da programación, deberá ter unha atención personalizada na aula, co fin de conseguir unha mellora no seu traballo e nos seus coñecementos do módulo. Dentro da atención personalizada tomaranse medidas como: establecemento de tarefas de reforzo adaptadas a estes alumnos; realización de actividades en grupo, etc.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Transmitiranse valores cívicos que fagan que os alumnos teñan maior conciencia de cidadán e saiban comportarse de forma adecuada posteriormente no mundo profesional. Cabe salientar: solidaridade e tolerancia nas relacións de grupo, rexeitamento da discriminación, actitudes de conservación e mellora do medio físico e do patrimonio, capacidade de valorar as diferentes informacións, defensa dos consumidores, responsabilidade social da empresa, fomento do consumo responsable, etc.

As actuacións concretas para incorporar a educación en valores serían:

- Descubrir a súa presenza no conxunto dos elementos do currículo do módulo.
- Aproveitar a celebración dos días conmemorativos que se relacionan con estes valores, para a realización de actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares organizadas polo departamento e as organizadas polo centro relacionadas co ciclo.